


**[Versión 2.0_ 18 novembro 2022]**

# Índice do Plan Dixital


1. Introdución
   1.1. Datos básicos do centro
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   1.3. Breve xustificación do mesmo
   1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
   3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
   4.1. Seguimento do Plan de Acción
   4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

# 1. Introdución

## 1.1. Datos básicos do centro

| DATOS BÁSICOS DO CENTRO | |
|---|---|
| Nome | IES CHANO PIÑEIRO |
| Dirección | Rúa tras Grupo Escolar, s/n, 36550 Forcarei, Pontevedra |
| Correo electrónico | ies.chano.pineiro@edu.xunta.es |
| Páxina web | https://www.edu.xunta.gal/centros/ieschanopineiro/ |

O IES Chano Piñeiro é un centro de liña 2 que ofrece as seguintes etapas educativas: ESO e Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidade e Ciencias Sociais. A modo de resumo inserimos unha táboa cos principais datos do alumnado, no curso 21-22 e 22-23, que atendemos e grupos organizados a data de confección deste documento.

CURSO 21-22

| Grupo | ESO | BACHARELATO |
|---|---|---|
| 1º | 22 | 14 |
| 2º | 15 | 22 |
| 3º | 21 | |
| 4º | 14 | |
| *TOTAL* | 72 | 36 |

No curso 21-22, o centro conta con 23 docentes, dos cales 18 son definitivos no centro, polo que nos últimos anos contamos con bastante estabilidade en canto ao persoal docente. Así mesmo, contamos con persoal non docente, unha conserxe, un administrativo e tres persoas da limpeza.

Por outra banda, o centro conta con servizo de comedor para o alumnado da ESO, compartido con centro de primaria CEIP Nosa Señora das Dores.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Características socioeconómicas e culturais do centro:

Forcarei é un concello rural do interior de Galicia, situado na Comarca da Terra de Montes, na provincia de Pontevedra. Está rodeado polo sistema dorsal galego presidido pola serra do Candán. A súa poboación e duns 3268 habitantes, segundo datos do INE en 2021. Conta cunha extensión de 168 km², o que supón unha densidade de poboación moi baixa; en realidade das máis baixas de Galicia, uns 20 hab./ km². Ademais trátase dunha poboación moi dispersa, existindo 101 núcleos de poboación habitados, e 2 xa totalmente deshabitados, o que significa unha gran regresión socio-económica. Do dito anteriormente despréndese que os rapaces do concello teñen dificultades para desfrutar de oportunidades culturais, de ocio e mesmo de relación.

Un trazo define de xeito alarmante a poboación de Forcarei: o avellentamento.

A análise da pirámide de Forcarei revela por unha banda o avellentamento imparable da poboación o que revela que as relacións dos nosos alumnos son, de xeito habitual con

xente maior. En realidade o único lugar onde se pode dicir que conviven con outros rapaces é no centro educativo.

En canto á ocupación da poboación, o dato máis rechamante é que un 38 % da poboación ten máis de 65 anos, isto é, está xubilada. A poboación traballadora ocupa de xeito fundamental postos nos sectores primarios e secundarios. Un 35 % ocúpase de explotacións gandeiras e agrícolas; unha porcentaxe similar integra o sector secundario, sobre todo na construción. Hai que sinalar, que aínda que se lle deu un pulo desde o concello a actividade industrial coa creación dun parque empresarial en Soutelo de Montes; a capacidade ocupacional non é a necesaria para manter a xente no seu concello.

A competencia dixital supón un reto tanto para o profesorado como para o centro, xa que require o uso duns recursos en constante cambio e mellora e que requiren unha elevada cualificación por parte do profesorado así como una alta inversión económica. Por iso, o centro vén realizando un importante esforzo económico para dotar dos recursos tecnolóxicos necesarios que garanten a dotación e o mantemento da infraestrutura TIC no centro, facilitando, deste xeito, a conversión centro educativo tradicional en Centro Educativo Dixital (CED).

- Equipamento: proxectores, taboleiros dixitais, portátiles de alumnado, mobles con bandexas para a recarga, cámara de vídeo, equipamento radio ...
- Infraestruturas: CPD, cabreado e canalizacións, acondicionamento de aulas, instalación eléctrica ...
- Conexión: á rede de Educación e a internet.

Durante os últimos anos, o centro participa en distintos plans de formación buscando liñas relacionadas coas TIC e a mellora da competencia Dixital, durante o curso 21-22 participamos no PFPP Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital.

- **Incardinación e contribución do PD no PE e relación co outros Planes e programas do IES Chano Piñeiro:**

O Plan Dixital contribuirá cos distintos plans recollidos no Plan Educativo favorecendo o desenvolvemento dos seguintes obxectivos:

- *Plan Anual do DO*
  - Promover a Innovación Educativa.
- *Proxecto Lingüístico*
  - Utilizar as TIC como medio para mellorar a competencia lingüística do noso alumnado.
- *Plan de Convivencia*
  - Velar pola igualdade de oportunidades e de trato en todos os procesos e ámbitos de relación.
  - Propor actividades a toda a Comunidade Educativa que fomenten as relacions positivas.
  - Colaborar no desenvolvemento dunha cultura do coidado mutuo, na que o auto coidado e o coidado das demais persoas sexa unha fonte de satisfacción e enriquecemento mutuo.
- *Contribución do PD á PXA do curso 22/23:*

**O Plan Dixital deseñado contribuirá ao desenvolvemento do seguintes obxectivos recollidos na Programación Xeral Anual do curso 22/23**

- **Mellorar a formación do alumnado e profesorado no uso das TIC, que nos permita a utilización e aproveitamento dos recursos existentes e nos capacite para deseñar unha nova pedagoxía con novas formas de aplicar, transferir e relacionar o coñecemento.**
- **Consolidar o uso da Biblioteca como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa cultural do centro.**
- **Impulsar o desenvolvemento de proxectos que redunden na mellora da calidade educativa que oferta o centro.**
- **Organizar e actualizar os materiais e recursos do centro.**

## 1.3. Breve xustificación do mesmo

O uso das Novas Tecnoloxías xeneralizouse de tal forma na nosa contorna que resulta unha ferramenta imprescindible na actualidade. Neste sentido, a escola non debe permanecer de costas a esta realidade e debe proporcionar aos alumnos as aprendizaxes e recursos necesarios para que aprendan a utilizar esta ferramenta da forma máis adecuada. A utilización destas ferramentas por parte do profesorado e do alumnado introduce unha nova dimensión nos procesos de ensino aprendizaxe que deben ser tidos en conta por todos os docentes do centro.

Pretendemos desde o centro achegar ao alumnado, profesorado e incluso ás familias, ás novas tecnoloxías dunha maneira sinxela e directa. A finalidade principal deste plan non será levar os equipos simplemente ás aulas, senón convertelos realmente nunhas ferramentas eficaces en mans dos docentes para levar a cabo os procesos de ensino-aprendizaxe, aumentando desta maneira a calidade da educación que ofrecemos aos nosos alumnos. Neste sentido, o Plan Dixital é entendido como un recurso ao dispor do profesorado encamiñado a potenciar a utilización das novas tecnoloxías como unha ferramenta máis dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, ademais de desenvolver no alumnado aquelas competencias necesarias para que utilicen o material TIC da forma máis adecuada e segura.

As leis educativas non son alleas a esta realidade. A actual lei educativa, Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación di no seu PREÁMBULO:

*"Así mesmo, o uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá ha acelerado cambios profundos na comprensión da realidade e na maneira de comprometerse e participar nela, nas capacidades para construír a propia personalidade e aprender ao longo da vida, na cultura e na convivencia democráticas, entre outros. Este cambio de enfoque require dunha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía, de como este impacto é diferente nas mulleres e os homes e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medioambiente, que se desenvolva tanto na competencia dixital do alumnado como na competencia dixital docente. En consecuencia, faise necesario que o* ***sistema educativo dea resposta a esta realidade social e inclúa un enfoque da competencia dixital máis moderno e amplo, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente."***

**Indica tamén, máis adiante que:**

*" Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas."*

Para a súa elaboración , tívose en conta a seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste Plan Dixital creouse un grupo de traballo dentro dunha liña específica de formación do PFPP 21-22 deseñado no centro. Dito grupo estivo formado por varios membros do claustro que representan todos os sectores organizativos do centro: dirección, persoal docente e distintos equipos de dinamización do centro.

A metodoloxía empregada para acadar os obxectivos consistiu na realización dunha secuencia didáctica en cinco pasos: Análise individual, reflexión conxunta, deseño , revisión e mellora.

Partindo dunha análise individual e unha posta en común, planificáronse e elaboráronse as diferentes fases do Plan dixital seguindo as pautas de traballo establecidas polo equipo Adix de referencia. Este deseño levouse ao claustro para a súa avaliación incorporando as propostas ao deseño final.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Infraestructura dixital do centro*

O centro adáptase ao recollido na normativa da Consellería de Educación, no que respecta a conectividade, infraestruturas de voz e de datos.

- *Equipamento*

Contamos con aulas dixitalizadas, uso na biblioteca, equipos para uso nas salas de profesorado e aulas de informática.

- *Servicios dixitais educativos*

  - Páxina web do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ieschanopineiro/
  - Aula virtual: http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschanopineiro/aulavirtual/
  - Espazo Abalar
  - Correo corporativo

- Webex
- Xade
    - ❖ *Xestión do mantemento do equipo do centro*

A xestión do mantemento do equipamento do centro é realizada polo Coordinador TIC.

De cara a próximos cursos, precisamos contar con asesoramento externo, como a UAC ou AMTEGA, que nos axude coas incidencias que se presentan son cuestións técnicas que exceden do coñecemento como docentes e debido á falta de tempo para poder dedicarlle á parte técnica.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización do informe DAFO empregamos distintas ferramentas de análise. En primeiro lugar, empregamos a información das diferentes áreas do informe SELFIE que recollemos na seguinte táboa.

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Primaria | ESO Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo | | 2.8 | | |
| | Profesorado | | 3.8 | | |
| | Alumnado | | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo | | 3 | | |
| | Profesorado | | 2.9 | | |
| | Alumnado | | 3.1 | | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo | | 2.4 | | |
| | Profesorado | | 3.4 | | |
| | Alumnado | | 3.6 | | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo | | 4 | | |
| | Profesorado | | 3.5 | | |
| | Alumnado | | | | |
| E- Pedagoxía: Apoio e Recursos | Equipo | | 3.6 | | |
| | Profesorado | | 4 | | |
| | Alumnado | | 3.9 | | |
| F- Pedagoxía: Implementación na aula | Equipo | | 3 | | |
| | Profesorado | | 3.2 | | |
| | Alumnado | | 3 | | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo | | 3 | | |
| | Profesorado | | 2.5 | | |
| | Alumnado | | 2.4 | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo | | 2.9 | | |
| | Profesorado | | 3.4 | | |
| | Alumnado | | 3 | | |

*(Lembramos que o intervalo estaba entre 0-5, considerando 0 a puntuación mínima e 5 a máxima)*

O TEST CDD ofreceu os resultados agrupados da autorreflexión do profesorado que participou no test do seu centro. O nivel de competencia dixital é orientativo e serviu para poder planificar a formación futura do profesorado no ámbito dixital.

## 2.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|---|---|---|---|
| DEFINITIVO | 12 | 21 | 51,7% |
| PROVISIONAL | 0 | 0 | 0% |
| INTERINO | 0 | 0 | 0% |
| SUBSTITUTO | 1 | 3 | 33,3% |

## 2.4. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|
| 78.8 | Integrador/a (B1) | 76,4 | Integrador/a (B1) |

## 2.5. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|---|
| ESO | 68.1 | Integrador/a (B1) | 79.2 | Integrador/a (B1) |
| BACH | 77.8 | Integrador/a (B1) | 77.9 | Integrador/a (B1) |

## 2.6. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|---|---|---|
| Explorador/a (A2) | 5 | 38.5% |
| Integrador/a (B1) | 5 | 38.5% |
| Experto/a (B2) | 2 | 15.4% |
| Pioneiro/a (C2) | 1 | 7.7% |
| TOTAL | 13 | 100.1% |

Dos 13 docentes do noso centro que participaron no testCDD obtemos os seguintes resultados:

- 5 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 38,5%.
- 5 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir, o 38,5%.

**Outras fontes:**
Ademais da análise destas dúas ferramentas , tamén se tivo en conta as reflexións debates xurdidos no centro e nas reunións do PFPP sobre as TIC.

## 2.7. Análise DAFO

**A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.**

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|---|---|---|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO | C3 Acceso a internet | C1 Infraestruturas<br>C2 Dispositivos dixitais para o ensino<br>C5 Asistencia técnica<br>C7 Protección de datos<br>C8 Dispositivos dixitais para o aprendizaxe |
| | PERSOAL DOCENTE | A3 Novas modalidades de ensino<br>B2. Debate sobre o uso da tecnoloxía<br>D1. Necesidades de DPC<br>D2. Participación no DPC<br>D3. Intercambios de experiencias<br>E1. Recursos educativos en liña<br>E3. Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe<br>E4. Comunicación coa comunidade educativa<br>G3. Retroalimentación adecuada | B1. Avaliación do progreso<br>B3. Colaboracións<br>E2. Creación de recursos dixitais<br>E5. Recursos educativos abertos<br>F1. Adaptación ás necesidades do alumnado<br>F3, Fomento da creatividade<br>F4. Implicación do alumnado<br>F5. Colaboración do alumnado<br>F6. Proxectos interdisciplinares<br>G1. Avaliación das necesidades<br>G5. Autoreflexión sobre a aprendizaxe |
| | PERSOAL NON DOCENTE | D3. Intercambios de experiencias<br>E1. Recursos educativos en liña | E2. Creación de recursos dixitais<br>F4. Implicación do alumnado<br>F5. Colaboración do alumnado |
| | ALUMNADO | | C8 Dispositivos dixitais para o aprendizaxe<br>H1. Comportamento seguro<br>H3. Comportamento responsable<br>H4. Verificar a calidade da información<br>H6. Outorgar recoñecemento ó traballo dos demais<br>H7. Creación de contidos dixitais<br>H8. Aprender a comunicarse<br>H11. Aprender a codificar o programa<br>H13. Resolver problemas técnicos |
| | FAMILIAS | A3 Novas modalidades de ensino | C3 Acceso a internet |
| | OFERTA | A3 Novas modalidades de ensino | |
| | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | | C5 Asistencia técnica<br>C12. Brecha dixital: apoio para abordar retos<br>C14. Espazos físicos<br>C15. Tecnoloxías asistenciais |

# 3. Plan de Acción

## 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partindo dun profundo análise da realidade do noso centro empregando os informes xerados polas ferramentas que forman parte do marco europeo para organizacións educativas dixitalmente competentes, SELFIE e o test CDD, realizamos análises cuantitativas e cualitativas dos datos obtidos para así crear o DAFO do noso centro.

En canto ao análise e debate sobre os datos do SELFIE, establecemos o seguinte criterio:

| Tipo de puntuación | Puntuación do SELFIE |
|---|---|
| Baixa | puntuacións de 0 a menor de 2,5 |
| Media | puntuacións de 2,5 a menor de 3,8 |
| Alta | puntuacións de 3,9 a 5 |

Pode ser flexible pero está establecido para termos un instrumento de medida e seguimento para o vindeiro curso.

Tendo en conta a nota media do SELFIE (3,225)

| ÁREAS CON MAIOR PUNTUACIÓN | ÁREAS CON MENOR PUNTUACIÓN |
|---|---|
| Liderazo<br>Desenvolvemento Profesional Continuo<br>Pedagoxía: Apoios e recursos | Colaboración e redes<br>Infraestruturas e equipos<br>Pedagoxía: implementación na aula<br>Prácticas de avaliación<br>Competencias dixitais do alumnado |

Consideramos como puntuacións baixas as inferiores a 3 que nos levan a establecer as debilidades e ameazas. Así mesmo, os parámetros cunha puntuación superior a 3, axudáronnos a determinar as fortalezas e oportunidades.

NOTA (1):
Aínda que no informe DAFO intentamos facer unha análise xeral, no Plan Dixital centrarémonos nos aspectos fundamentais a traballar nunha primeira fase, de xeito que poidamos fomentar o traballo futuro segundo vindeiros análises.

NOTA (2):
No DAFO aportamos os datos obtidos que figuran no Informe SELFIE, segundo o Equipo Directivo, do Profesorado e do Alumnado respectando os "logotipos" dos distintos perfiles.

NOTA(3):
Nos resultados do Informe SELFIE do noso centro, as puntuacións obtidas son subxectivas con respecto a cada un dos grupos Equipo Directivo, Profesorado e Alumnado. Aínda que os resultados sexan "positivos" é preciso contarcun grupo "especialista" que recoñezan os puntos fortes e os puntos débiles de cada área analizada e en base aos seus ítems/descritores asociados. É preciso unha reflexión conxunta e participativa de todo o equipo "Plan Dixital de Centro".

Unha vez elaborado o DAFO, priorizamos unha serie de áreas para as que establecemos obxectivos específicos que formarán o punto de partida do noso Plan de Acción, tendo en conta os obxectivos xerais plantexados no PD.

a) Lograr que o profesorado empregue dispositivos dixitais para o ensino (genialy, tablets,...)

b) **Mellorar as o equipamento informático das aulas**

c) **Crear un aula de audiovisuais**

d) **Crear grupos de traballo para mellorar as competencias dixitais**

e) **Lograr que o profesorado cree recursos educativos abertos e adaptados ao grupo, especialmente para o alumnado NEAE**

f) **Elaborar rúbricas que permitan a avaliación de necesidades e a auto reflexión sobre a aprendizaxe**

g) **Lograr que o alumnado sexa capaz de realizar un comportamento seguro e responsable empregando as TIC**

h) **Conseguir que o alumnado sexa capaz de crear de contidos dixitais e aprender a comunicarse a través dos recursos dixitais**

i) **Conseguir que o alumnado sexa capaz de resolver problemas técnicos sinxelos**

j) **Lograr que as familias saiban comunicarse empregando recursos TIC e que teñan formación sobre un uso responsable das TIC e de resolución de problemas técnicos sinxelos**

k) **Conseguir asistencia técnica semanal no centro educativo**

**Os obxectivos específicos formúlanse para un período determinado,preferiblemente un curso, salvo que se necesite máis dun curso para a súa consecución, de calquera xeito, a duración non poderá ser superior a tres cursos, de producirse, haberá que establecer obxectivos intermedios que cumpran os requisitos anteriores**

**Para acadalos deseñamos liñas de acción, onde se establecen os responsables das mesmas, os indicadores de seguimento e avaliación cos valores de partida e de chegada en termos medibles, así como a temporalización e os recursos necesarios.**

**Para cada obxectivo cumprimentarase unha *táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.**

## 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, sendo preciso establecer en cada caso a finalidade para a que se precisan ditas melloras.*
*Ter presente na redacción deste apartado as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.*

| ***DOTACIÓN*** **OBSOLETO (<2012)** **Mercado polo centro** | INFRAESTRUTURA | | | **EQUIPAMENTO** | | | | **NECESIDADES ACTUAIS** | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | TELEFONÍA | DATOS | | | | | | | | | |
| | | CABLE | WIFI | **PC** | **PDI** | **PROXECTOR** | **OUTROS** | **PC** | **PORTÁTIL** | **MONITOR INTERACTIVO 75”** | **OUTROS** |
| **ADMINISTRACIÓN** | 1 | SI | SI | 2017 | | | FOTOCOPIADORA/ESCÁNER, IMPRESORA LÁSER, PORTÁTIL 2014 | | | | Fotocopiadora a cor |
| **SALA COVID** | | SI | SI | | | | | | | | |
| **SALA TITORÍAS** | 1 | SI | SI | | | **2011**, **SIEGA 2009** | FOTOCOPIADORA, PORTÁTIL 2021 (2), 2014(2), **PORTÁTIL 2009** | | | | |
| **DIRECCIÓN** | 1 | SI | SI | **2010**, 2016, 2019, 2022 | | | MINIPORTÁTILES PED (9) 2021 | 3 | | | |
| **AULA 2 – BIBLIOTECA** | 1 | SI | SI | 2015,2022 | | | **PORTÁTIL XUGA 2011**, TÁBLET (2) 2016, PANTALLA PLANA 37” 2012, IMPRESORA XUGA 2014, IMPRESORA A3 2016, LECTOR E-BOOKS 2016 | | | 1 | |
| **AULA 1 – MÚSICA** | NON | SI | SI | | | XUGA 2008 | PORTÁTIL 2014 | | | 1 | |
| **AULA 11 – FORCAREI** | NON | SI | SI | 2015(16) | | 2014 | IMPRESORA 2014 | | | 1 | canón de vídeo e impresora |
| **AULA 12 – PEREIRA** | NON | SI | SI | | 2016 | 2016 | PORTÁTIL 2016 | | 1 | 1 | |
| **AULA 13 – LABORATORIO FÍSICA E QUÍMICA** | NON | SI | SI | | | 2014 | PORTÁTIL 2017 | | 1 | 1 | |
| **AULA 14 – PRESQUEIRAS** | NON | SI | SI | | XUGA - 2016 | XUGA - 2016 | PORTÁTIL XUGA - 2016 | | 1 | 1 | |
| **AULA 15 – QUINTILLÁN** | NON | SI | SI | | | **2009** | PORTÁTIL 2012 | | 1 | 1 | |
| **AULA 16 – VENTOXO** | NON | SI | SI | | 2014 | 2014 | PORTÁTIL 2012 | | 1 | 1 | |
| **AULA 21 – ACIVEIRO** | NON | SI | SI | | **XUGA – 2010** | **XUGA – 2010** | PORTÁTIL 2012, **CARRO CARGA XUGA 2011**, **MINIPORTÁTILES ABALAR (16) 2011** | | 1 | 1 | |
| **AULA 22 – CASTRELO** | NON | SI | SI | | **XUGA – 2010** | **XUGA – 2010** | **PORTÁTIL XUGA 2010, CARRO CARGA XUGA 2010,** | | 1 | 1 | |

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | MINIPORTÁTILES ABALAR (8) 2010 | | | | |
| **ORIENTACIÓN** | NON | SI | SI | 2017 | | | IMPRESORA 2017 | | 1 | | impresora/escaner |
| **SALA DE PROFESORES** | 1 | SI | SI | 2015, 2021 (2) | | | IMPRESORA XUGA 2014 | 4 | 1 | 1 | impresora/escaner |
| **AULA 23 – DÚAS IGREXAS** | NON | SI | SI | | XUGA – 2015 | XUGA – 2015 | PORTÁTIL XUGA 2015, CARRO CARGA XUGA 2011, MINIPORTÁTILES ABALAR (20) 2010 | | 1 | 1 | |
| **AULA 24 – MADANELA** | NON | SI | SI | | XUGA – 2011 | XUGA – 2011 | PORTÁTIL XUGA 2010, CARRO CARGA XUGA 2010, MINIPORTÁTILES ABALAR (11) 2011 | | 1 | 1 | |
| **AULA 25 – MEAVÍA** | NON | SI | SI | | XUGA – 2011 | XUGA – 2011 | PORTÁTIL 2014 | | 1 | 1 | |
| **AULA 31 – MILLARADA** | NON | SI | SI | | XUGA – 2015 | XUGA – 2015 | PORTÁTIL 2014 | | 1 | 1 | |
| **AULA 32 – INFORMÁTICA** | NON | SI | SI | 2016 (16) | | XUGA – 2008 | | 17 | | 1 | impresora/escaner |
| **AULA 33 -** | NON | SI | SI | | | | | | 1 | 1 | |
| **AULA 34 – AUDIOVISUAIS** | NON | SI | SI | | XUGA – 2015 | XUGA – 2015 | PORTÁTIL XUGA 2014 | 15 | | 1 | |
| **AULA 35 – PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA** | NON | SI | SI | 2021 | | | | | 1 | 1 | |
| **AULA 36 – PLÁSTICA** | NON | SI | SI | | | XUGA – 2008 | PORTÁTIL 2021 | | 1 | 1 | |
| **AULA 37 – TALLER TECNOLOXÍA** | NON | SI | SI | | | XUGA – 2008 | PORTÁTILES 2017 (4), 2014 (2), IMPRESORAS 3D 2016, 2022 | | 1 | 1 | |
| **AULA C1A** | NON | SI | NON | | | | | | 1 | 1 | |
| **AULA C2A – SEMINARIO GALEGO E INGLÉS** | NON | SI | NON | | | | | | 1 | 1 | |
| **AULA C3A – SEMINARIO MATEM. E ECONOM.** | NON | SI | NON | | | 2012 | | | 1 | 1 | |

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **AULA C1B – SEMINARIO CLÁSICAS** | NON | SI | NON | | | 2012 | PORTÁTIL 2012 | | 1 | 1 | |
| **AULA C2B – SEMINARIO FRANCÉS** | NON | SI | NON | | | 2012 | **PORTÁTIL 2010** | | 1 | 1 | |
| **AULA C3B – SEMINARIO FILOSOF. E CASTELÁ** | NON | SI | NON | 2013 | | **XUGA – 2008** | | | 1 | | proxector 4K e equipo de son |
| **AULA C4B – LABORAT. BIOLOXÍA** | NON | SI | NON | | | **XUGA – 2008** | PORTÁTIL 2013 | | 1 | 1 | |

# Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

| Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS- EQUIPAMENTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 1: (1) | Lograr que o profesorado empregue dispositivos dixitais para o ensino (genialy, tablets,...) | | | | Acadado | |
| Responsable: | Equipo coordinador do Plan Dixital | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | • Cantidade de dispositivos dixitais para o ensino ofertados dende o centro educativo<br>• Cantidade de profesorado que se une a empregar este tipo de dispositivos | | | | | |
| Valor de partida: (3) | 3 | | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | 10 | | | 08.03.2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1: Ofertar dende o centro dispositivos dixitais para o ensino | Equipo directivo | 08.03.2023 | dispositivos dixitais para o ensino | Cantidade de dispositivos dixitais para o ensino ofertados dende o centro educativo | Realizada | x |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Número de profesorado que se une a empregar este tipo de dispositivos | Profesorado do centro | 08.03.2023 | dispositivos dixitais para o ensino e cursos de formación para aprender a empregalos | Cantidade de profesorado que se une a empregar este tipo de dispositivos | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS- EQUIPAMENTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 2: (1) | Mellorar as o equipamento informático das aulas | | | | Acadado | |
| Responsable: | Equipo directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | Número de equipos mellorados no centro | | | | | |
| Valor de partida: (3) | 8 | | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | 10 | | | 22.06.2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO2.1: Mellorar o software dos ordenadores do centro | Equipo directivo | 30.12.2023 | Equipamentos informáticos | Número de softwares mellorados no centro | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS- EQUIPAMENTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 3: (1) | Crear un aula de audiovisuais a través da participación no programa de Polos Creativos | | | | Acadado | |
| Responsable: | Equipo coordinador do Plan Dixital e equipo directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | Creación da aula de audiovisuais | | | | | |
| Valor de partida: (3) | 0 | | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | 1 | | | 30.12.2022 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO3.1: Introducir na aula de audiovisuais equipos informáticos actualizados | Equipo directivo | 30.12.2022 | Equipos informáticos | Dotación de equipos informáticos actualizados, se nos aproban a solicitude de polos creativos | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO3.2: Introducir unha pantalla de proxección de calidade para visualizar películas, curtas, etc | Equipo directivo | 30.12.2022 | Pantalla | Dotación dunha pantalla de proxección, se nos aproban a solicitude de polos creativos | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO3.3: Adaptar a insonorización e a luminosidade da aula | Equipo directivo | 30.12.2022 | Material para insonorizar e luz | Dotación de material para insonorizar e dar luminosidade á aula, se nos aproban a solicitude de polos creativos | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |

| Área/s de mellora: PERSOAL DOCENTE | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 4: (1) | Crear grupos de traballo para mellorar as competencias dixitais | | | | Acadado | |
| Responsable: | Equipo coordinador do Plan Dixital e equipo coordinador do PFPP do centro | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | Grupos de traballo creados no centro | | | | | |
| Valor de partida: (3) | 1 | | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | 3 | | | 20.06.2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO4.1: Promover PFPP no centro para a mellora de competencias dixitais | Equipo directivo<br>Equipo coordinador do Plan dixital | 20.06.2023 | Reunións no centro para lograr que o profesorado participe nos PFPP | Número de reunións realizadas | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.2: Favorecer horarios no centro que permitan a participación en programas de mellora de competencias dixitais | Equipo directivo<br>Equipo coordinador do Plan dixital | 02.12.2022 | Elaboración de horarios adaptados | Número de horarios adaptados | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

<table>
<tr><td colspan="7">Área/s de mellora: PERSOAL DOCENTE</td></tr>
<tr><td>OBXECTIVO 5: (1)</td><td colspan="4">Lograr que o profesorado, que participa en Polos creativos e no PFPP do centro, cree recursos educativos abertos e adaptados ao grupo, especialmente para o alumnado NEAE.</td><td>Acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>Responsable:</td><td colspan="4">Equipo coordinador do Plan Dixital</td><td>Non acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</td><td colspan="6">Cantidade de recursos educativos abertos e adaptados</td></tr>
<tr><td>Valor de partida: (3)</td><td colspan="6">3</td></tr>
<tr><td>Valor previsto e data: (4)</td><td colspan="3">10</td><td colspan="3">20.06.2023</td></tr>
<tr><td colspan="7">ACCIÓNS A DESENVOLVER</td></tr>
<tr><td rowspan="2">DESCRICIÓN (5)</td><td rowspan="2">RESPONSABLES (6)</td><td rowspan="2">DATA PREVISTA FIN (7)</td><td rowspan="2">RECURSOS NECESARIOS (8)</td><td colspan="3">SEGUIMENTO DA ACCIÓN</td></tr>
<tr><td>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</td><td colspan="2">ESTADO (10)</td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO5.1: Realizar cursos para que o profesorado aprenda a crear recursos educativos abertos</td><td rowspan="3">Coordinador/a do Plan dixital</td><td rowspan="3">20.06.2023</td><td rowspan="3">Formación</td><td rowspan="3">Nº de cursos postos en marcha</td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO5.2: Fomentar formacións sobre recursos adaptados ao alumnado NEAE</td><td rowspan="3">Coordinador/a do Plan dixital</td><td rowspan="3">20.06.2023</td><td rowspan="3">Formación</td><td rowspan="3">Nº de cursos postos en marcha</td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO5.3: Formación sobre recursos DUA</td><td rowspan="3">Coordinador/a do Plan dixital</td><td rowspan="3">20.06.2023</td><td rowspan="3">Formación</td><td rowspan="3">Nº de cursos postos en marcha</td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
</table>

| Área/s de mellora: PERSOAL DOCENTE | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 6: (1) | Elaborar rúbricas que permitan a avaliación de necesidades e a auto reflexión sobre a aprendizaxe | | | | Acadado | |
| Responsable: | Coordinador/a do Plan dixital | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | Número de rúbricas elaboradas e cumprimentadas polo profesorado. | | | | | |
| Valor de partida: (3) | 0 | | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | 5 | | | 30.06.2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO6.1: Rubricas para o profesorado sobre a avaliación de necesidades TIC | Coordinador/a do Plan dixital | 30.06.2023 | Aplicacións para crear rúbricas | Número de rúbricas elaboradas e cumprimentadas polo profesorado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO6.2: Rubricas para o profesorado sobre a aprendizaxe | Coordinador/a do Plan dixital | 30.06.2023 | Aplicacións para crear rúbricas | Número de rúbricas elaboradas e cumprimentadas polo profesorado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| Área/s de mellora: ALUMNADO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 7: (1) | Lograr que o alumnado sexa capaz de realizar un comportamento seguro e responsable empregando as TIC | | | Acadado | |
| Responsable: | Profesorado de materias relacionada coas TIC, responsable da asistencia técnica do centro e profesorado de tecnoloxía | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | Enquisas sobre o comportamento seguro e responsable das TIC | | | | |
| Valor de partida: (3) | 0 | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | 6 | | | 30.06.2023 | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN: VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) |
| AO7.1: Cursos para o alumnado sobre o uso responsable das TIC | Profesorado de materias relacionada coas TIC | 30.06.2023 | Cursos realizados | Nº de cursos realizados sobre o uso responsable das TIC | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |

| Área/s de mellora: ALUMNADO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 8: (1) | Conseguir que o alumnado sexa capaz de crear de contidos dixitais e aprender a comunicarse a través dos recursos dixitais | | | | Acadado | |
| Responsable: | Profesorado de materias relacionada coas TIC e profesorado de tecnoloxía | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | Cantidade de contidos dixitais e comunicacións adecuadas empregando os recursos dixitais | | | | | |
| Valor de partida: (3) | 0 | | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | 10 | | | 22.06.2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO8.1: Formación sobre a creación de contidos dixitais | Profesorado de materias relacionada coas TIC | 22.06.2023 | Formación e horario semanal dispoñible | Nº de horas destinadas á formación sobre a creación de contidos dixitais | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO8.2: Formación sobre un uso adecuado de comunicacións mediante os recursos dixitais | Profesorado de materias relacionada coas TIC | 22.06.2023 | Formación e horario semanal dispoñible | Nº de horas destinadas á formación sobre un uso adecuado de comunicacións mediante os recursos dixitais | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| Área/s de mellora: FAMILIAS | | | |
|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 9: (1) | Lograr que as familias saiban comunicarse empregando recursos TIC e que teñan formación sobre un uso responsable das TIC e de resolución de problemas técnicos sinxelos | Acadado | |
| Responsable: | Coordinador/a do Plan Dixital e Coordinador/a da escola de familias | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | Grao de cursos e participación das familias sobre comunicacións empregando recursos TIC, formación sobre un uso responsable das TIC e de resolución de problemas técnicos sinxelos | | |
| Valor de partida: (3) | 0 | | |
| Valor previsto e data: (4) | 5 | 22.06.2023 | |

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN<br>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN<br>ESTADO (10) |
|---|---|---|---|---|---|
| AO. 9.1: Formación sobre comunicacións empregando recursos TIC | Coordinador/a do Plan Dixital e Coordinador/a da escola de familias | 22.06.2023 | Formación | Nº de cursos realizados | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO. 9.2: Formación sobre un uso responsable das TIC por parte dos seus fillos e fillas | Coordinador/a do Plan Dixital e Coordinador/a da escola de familias | 22.06.2023 | Formación | Nº de cursos realizados | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO. 9.3: Formación sobre a resolución de problemas técnicos sinxelos | Coordinador/a do Plan Dixital e Coordinador/a da escola de familias | 22.06.2023 | Formación | Nº de cursos realizados | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |

# 4. Avaliación do plan

## 4.1 Seguimento do Plan de acción

**No Plan Dixital de IES Chano Piñeiro recóllense os indicadores que permitan a avaliación anual do Plan Dixital de Centro e das actuacións para levar a cabo.**

**O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será o seguinte:**

- **No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.**

- **No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos, a efectividade das accións deseñadas e as propostas de mellora.**

## 4.2 Propostas de mellora

**Dado que o PD é un documento vivo, aberto e flexible, as propostas de mellora derivadas do seguimento do Plan  poderán ser introducidas en calquera momento.**

# 5. Difusión do plan

**O Plan Dixital do IES Chano Piñeiro estará a disposición de toda a comunidade educativa no propio centro. Unha vez aprobado, publicitarase por diferentes vías como:**

- **Páxina web**
- **Abalar Mobil**